



A Coruña 22 de febreiro de 2017

Prezados/as amigos/as:

A Facultade de Economía e Empresa da Universidade da Coruña, en colaboración coas demais universidades galegas e a Asociación Galega de Profesores de Economía en Secundaria, está a organizar a *VIII Olimpíada Galega de Economía “La Caixa”*, fase local da *Olimpíada Española de Economía*, que se desenvolverá nesta facultade o vindeiro día 31 de marzo de 2017.

A Olimpíada Española de Economía é unha competición de carácter académico e educativo para fomentar e estimular o estudo da Economía entre os estudantes de ensino medio en Galicia. Neste sentido, ten como obxectivo premiar a excelencia académica e o esforzo, dar a coñecer os estudos no ámbito da Economía e da Administración e Dirección de Empresas, así como establecer vínculos máis estreitos entre as universidades, os profesores de Economía e Empresa do Bacharelato e aqueles alumnos que, interesados nestes ámbitos do coñecemento, serán os futuros estudiantes nas nosas facultades. Na Universidade somos plenamente conscientes de que a nosa institución non pode abstraerse dos problemas formativos das persoas que ocuparán as nosas aulas no futuro próximo. Por tal motivo, cómpre salientar a importancia de mantermos contactos orientados a fortalecer as relacións cos centros de Ensino Secundario e Bacharelato para compartir coñecemento e experiencias. Polo tanto, a Olimpíada Española de Economía, nas súas fases nacional e local, pretende servir de punto de encontro entre ambos os dous niveis educativos.

Por este motivo, pónome en contacto convosco para animarvos a participar nesta proba o vindeiro día 31 de marzo nas dependencias da Facultade de Economía e Empresa da Coruña. Como resultado dela, os tres estudiantes gañadores da fase local participarán no mes de xullo na fase española, que terá lugar en Córdoba.

Tedes toda a información sobre a *VIII Olimpíada Galega de Economía “La Caixa”* na web da Facultade de Economía e Empresa da UDC (<http://www.economicas.udc.es/>).

Atentamente.

Anxo Calvo Silvosa

Decano da Facultade de Economía e Empresa da Universidade da Coruña

Patrocinan:

